

PREGÓN DE LA SEMANA SANTA DE VIVEIRO 2017

Por D. Perfecto Ángel Parapar Trasancos

Director de producción en el grupo Cerdeimar Industria Alimentaria

“Moitas grazas Emilio. Síntome emocionado, xa solo ca honra de ler o Pregón este ano, imaxínate agora, con todas estas frores que me acabas de votar.

Como tí ben dis, fomos compañeiros de instituto e de deporte, que por certo, o balonmán perdeuse un bo porteiro, pero creo que a medicina gañou un moi bo profesional.

Grazas de novo, polas amables verbas que me adicache, e recibe unha aperta de todo corazón.

Boas noites:

Sr. Presidente da Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, Sra. Alcaldesa do Concello de Viveiro, Sr. Delegado da Xunta de Galicia, amigo Emilio, autoridades civís, relixiosas e sociais, benqueridos amigos e amigas viveirenses, estamos hoxe a eiquí, no emblemático Teatro Pastor Díaz, o teatro da vida cultural de esta preciosa e pequena cidade de Viveiro para pregoar a Semana Santa, entendo que de forma oficial, xa que anunciar a nosa Semana Maior, e unha labor que se está a facer moi ben a nivel galego, estatal, e recentemente de xeito internacional, gracias, sobre todo a Xunta de Cofradías, e básicamente aos bos cimentos do estrato social e relixioso de este entusiasta e marabilloso pobo, do que me sinto orgulloso de formar parte, aínda que sexa dende a alén a Gañidoira.

Como sabedes meu traballo diario desenrólase en Industrias Cerdeimar, unha empresa de alimentación radicada en Camariñas, como tal, tratarei de falar, por tanto do alimento, pero do alimento material da nosa Semana Santa, do alimento espiritual e do histórico deixarémolo en mans dos seus especialistas, que xa moitos deles pasaron por este estrado.



Lévome preguntando dende que me chamou o presidente, ¿cales serían os meus méritos para merecer tal honra?, é das moitas cavilacións, concluíndo que tivo que ser por “arrimar o ombro”, frase feita moi axeitada ao que hoxe nos trae aquí, na celebración da morte e resurrección de un Home, o fillo de Deus, que cambiou o mundo.

VIVENCIAS

Dende rapaz, aínda que bautizado na igrexa de San Francisco, pero criado no atrio de Santa María do Campo, e coma moitos outros nenos, comezamos a “arrimar o ombro”, primeiro na Ilustre Cofradía do Rosario, levando as borlas dos estandartes ou axudando aos levadores terminando dos garfos entre parada e parada, alí xa tiven o meu primeiro mestre, Antonio Fernández, “Toñito de Purifica”, que quixo facer de min un monaguillo, pero eu sempre atopaba desculpa para escapar de tal compromiso. Mais tarde, cando a nosa sangue se encheu da revoluceira adolescencia, pasabamos a facer longas colas nos claustros de San Francisco, empuxándonos uns



aos outros para conseguir posto, fachón e hábito na Irmandade do Prendemento, e baixo o anonimato do capirote, poderlle dicir algo a rapaza que che gustaba, cando pasabas diante dela pola rúa de abaixo ou pola travesía... Abraiados, mirabamos como avanzaba maxestosa A Piedade ca súa cadencia de esquerda a dereita a ritmo da marcha lenta dos tambores, detrás do Bico de Xudas que aínda ía en carro, e do Cristo da Agonía das Sete Palabras que daquela desfilaba só sen o resto da fermosa composición do Calvario, e diante da Cruz Desnuda, da Irmandade da Santa Cruz, sen a fermosa talla de Modesto Quilis, que se incorporaría mais tarde.

Seguimos progresando dentro do escalafón da nosa Semana Maior, e todos aqueles rapaces que xogaban no adro de Santa María iniciábanse como levadores, primeiro na procesión do Santo Enterro e despois retándose na aventura da mítica Piedade nos anos 70, algo que xa contamos nun artigo do Libro "Pregón", ao que prometo darlle continuidade en breve. Por esas datas tamén tiven a sorte de cruzarme con outro dos mestres da nosa Semana Santa, na mesa do fondo do desaparecido, e para min tan querido, Café-Bar Landro, cas conversas con Manuel Vázquez Chao "O fidalgo", totalmente ilustrativas, xa que coñecía e sigue coñecendo a posta en escena da nosa Semana Santa, mellor que ninguén.

Seguidamente algúns pasamos pola mellor das escolas da Semana Santa viveirense, a JUFRA, da Venerable Terceira Orde Franciscana, si o Prendemento foi a miña primeira cofradía, aquí foi onde aprendemos a organizar procesións, montar, desmontar e marcarnos obxectivos. Así, cando lle propuxemos aos nosos maiores revitalizar a procesión da tarde do Domingo de Ramos... A procesión saía cas imaxes do "Cristo da Cana", "O Sentado" e "A Flaxelación" con moi pouca xente nas filas e sen moita representación cofrade. Propúxose sacar unha imaxe emblemática para Viveiro, con unha fermosa lenda que a avalaba, "O Ecce-Homo dos Franceses", retrasar a saída para o luscofusco, facer hábitos novos de corte franciscano con capa, capirote, e fachóns de cera, como contraste aos eléctricos das outras cofradías, e así manter a tradición Terciaria de acompañamento con velas. Como moitos saberedes era orixinalmente un Cristo do século XV e de autor anónimo, que se adaptou como Nazareno, e sacámolo a rúa, aqueles mesmos rapaces que xogaban as procesións no campo de Santa María. Pola súa adaptación, o Cristo estaba debilitado, e a polilla, tampouco axudou moito, e na Rúa de Arriba, a altura da antiga barbería de Benedicto, a imaxe rompe polos pés, e cáelle enriba e de cheo, a un dos levadores, o único agnóstico que ía baixo a anda, penso que non volveu mais a

coller unha vara, aínda que hoxe, pode estar sentado neste teatro. Despois de “aparse” a imaxe, nos seguimos co desfile procesional sen o Cristo dos Franceses, so ca anda e as flores, intentando manter a pouca dignidade que nos quedaba, que se veu definitivamente abaixo cando nos adianta correndo, un dos irmáns Crespo, non sei dicir si D. Manuel ou D. Antonio, sempre os confundín, ca imaxe en brazos e tapada ca súa capa procesional. Na actualidade, esta procesión quizás sexa unha das mais emblemáticas da Paixón viveirense, dado que todas as imaxes que en ela desfilan son do século XV, agás a Dolorosa que creo que é do XVIII.

COFRADÍA DA PIEDADE

Corría o ano 91, e nunha reunión de levadores da imaxe da Piedade, Xan Novo “Xan da Mora”, Irmán Maior, industrial panadeiro e galeguista, pediu a palabra ao capataz da coia, para solicitar a axuda dos levadores que alí estabamos presentes, pois corría perigo a continuidade da Cofradía, Álvaro e mais eu, coñecedores da problemática, xa levábamos algo preparado, pero non contabamos ca total entrega de aquel home entusiasta. Ao remate da Semana Santa de ese ano creouse unha nova directiva na que se integraron algúns dos alí presentes, mais como non, algúns de aqueles rapaces do adro de Santa María, que agora xa non eran tan rapaces, pero viñan cheos de ideas, ilusión e moitas, moitas gañas de traballar.

O primeiro que se fixo foi organizar a estrutura interna e social da Cofradía do Santísimo Cristo da Piedade, e o 5 de Maio de 1991, a Asemblea Xeral da Cofradía, aproba por unanimidade a nova Xunta directiva. Xan Novo, Perfecto Parapar, Xosé Manuel Santos, Vicente Núñez, Álvaro Santiago, Xosé Manuel Blanco, Vicente Fraga, Xosé Luis Couceiro, Francisco Chao, Xesús Atadell, Ivo Fernández e Adolfo Atadell. Un bo equipo...

As primeiras propostas foron a de abrir a Cofradía para que puideran participar as mulleres de feito e de dereito, pois aínda que pareza mentira, a finais do século XX estaban vetadas, e a segunda foi a de recuperar aquel órgano de propaganda que tiña a Cofradía en conxunto cas súas Irmandades, o Libro-Programa "Pregón" que de forma intermitente publicábase na Semana Santa..., esa tarefa foinos asinada a Santos, secre-

tario da cofradía e mais a min, compañeiros de xogos, de estudos e de afeccións, en definitiva amigos de toda a vida. E con todos estes antecedentes de moverse de abaixo pa riba por todos os estamentos semanasanteiros, o lóxico era que propuxeramos facer de algunha maneira unha unión cofrade, e limar rivalidades fomentando a comunicación. E de este xeito comezou no ano 1991 a xestarse a Xunta de Cofradías, que quedaría definitivamente constituída no ano seguinte, en 1992, polo que este ano fai 25 do comezo de aquela aventura, que hoxe vemos resultou ser un éxito, e que de seguido intentarei facer un pequeno resumo dos seus comezos, das súas dificultades e dos seus logros, xa que significou o nacemento da revolución social nas cofradías viveirenses, a finais do século XX.

XUNTA DE COFRADÍAS

Facemos unha proposta, primeiro as Irmandades da Piedad, e logo o resto das Cofradías, así mesmo, falouse cos párrocos, para que as parroquias tiveran tamén representación neste novo organismo, que quedaría constituído por dous representantes de cada Cofradía ou Irmandade, e un representante da parroquia de Santa María, e outro da de Santiago, D. Antonio García Mato e D. Enrique Blanco Pico. O fin común, era dar a coñecer a nosa Semana Santa, abrir as fronteiras que nos limitaba a prensa cas edicións locais, e integrarse no mundo cofrade.

Eramos novos, atrevidos e con moito nervio, os representantes das outras cofradías e irmandades, mirábanos con certa curiosidade, como dicindo “chegaron onte e xa queren arranxar o mundo”, pois sí, era iso o que queríamos, queríamos dar a volta de tuerca necesaria para colocar a nosa Semana Santa onde pensabamos que se merecía.

Pero en principio non o conseguimos, as cofradías ían o seu, e non crían en nos, mantíñanse a expectativa para repartir a paupérrima subvención municipal, que de aquela eran 300.000 pesetas, e as primeiras funcións de esta agrupación eran mirar que letreiros, papeleiras, cables, e demais mobiliario urbano, estorbara o paso das procesións. E ata alí era a onde chegaban as nosas funcións. Tamén hai que dicir que erramos, e pecamos de novatos, quixemos escoller o noso primeiro cartel de xeito tan orixinal,

que o publicamos en un formato rarísimo, que case ninguén o entendeu, con un plano picado da ombreiro do Cristo da Agonía, e no libro "Pregón", un contrapicado do Desencravo, lucímonos...!

Axudou moito despois, o que como primeiro presidente da Xunta de Cofradías se nomease a un home bo, aberto, con infinita pacencia e perseverancia, Antonio Lorenzo, "Toñito das Mariás", que ca súa inseparable axenda e co seu talante conciliador foi quen de axudarnos a comezar o arranque do proxecto.

Pero nos, erre que erre, ás primeiras negativas das administracións públicas, volvíamos a carga, unha e outra vez, si o concello nos cerraba as portas, como así foi..., petábase nas da deputación, onde sempre as tivemos abertas, despois as do goberno galego, insistindo, insistindo, ata que nos recibiu o presidente da Xunta de Galicia, aproveitando de que el fora pregoeiro, ao que lle presentamos os nosos respetos e tamén as nosas ideas; gustáronlle, pero non atopamos o xeito de encaixalas, é debemos de darlle moita lástima, que nos deu cartos da súa asignación persoal como presidente, pois naquel intre non había forma de poder canalizar unha subvención para uns actos que se entendían como relixiosos.

No bispado, mais do mesmo, solicitabamos un acto, ou uns trocos estatutarios, ou se nega-

ban ou non se contestaban. Pero os de Viveiro sempre fomos un pouco votados para adiante, e ante a negativa para a celebración de un congreso, alegando de forma verbal nunha visita do Sr. Bispo a Residencia Betania, que eramos un pobo pequeno sen entidade suficiente para ese tipo de actos... –o que oides–..., respostámonlle totalmente ofendidos con unha carta que no seu encabezamento citabamos a todo un Genghis Khan e tamén a Escrivá de Balaguer para amosar primeiramente o noso enfado, tamén nosa obediencia debida, pero nunca a nosa tibieza...

Eramos novos..., pero, necesitabamos un golpe de efecto e a "vella garda" non axudaba, algunhas pedras no camiño trababan o noso camiñar diario. Unha mañá de domingo nunha celebración familiar, D. Enrique párroco de Santiago e compañeiro na Xunta de Cofradías, e que xá non está con nos, por iso agora o podo comentar, e nunca o falei cos meus compañeiros; ao remate da cerimonia, chámame e despois de darlle unhas voltas a conversa, dime: Perfecto, vos os da Piedade, ¿non seredes masóns?... Eu quedeime un pouco de pedra, e díxenlle D. Enrique, eu creo que non, pero deixe que me documente para poder contestarlle con criterio... Merquei un libro que prometín ler, para falalo e discutilo co bo de D. Enrique, non nos imaxinabamos as reunións con delantal e a pata de oca dos "pontífices". Despois cando ía visitalo a Neda, moito nos rimos, e



«AUTORIDADES Y REPRESENTANTES DE LAS COFRADÍAS TRAS LA INTERVENCIÓN DEL PREGONERO» — FOTOGRAFÍA: JOSÉ MIGUEL SOTO

aínda votabamos unhas gargalladas a conta deses contos que lle levaban, nunca me dixo quen, nin eu llo preguntei.

A PAIXÓN

Todas estas cousas que van acontecendo, foron reaccións ao froito das iniciativas e da pelexa diaria dun grupo de xente con moita ilusión e moi inquieta, é con permiso de todos eles, o que vos vou a relatar, que para min foi o verdadeiro comezo da Xunta, cando de verdade as cofradías comezaron a crer no proxecto, foi por unha proposta que fixen e se desenrolou como vos conto:

Tocaba celebrar o 50 aniversario da Cofradía do Santísimo Cristo da Piedade, barallábanse varias posibilidades, a que callou foi a de facer unha procesión conmemorativa, pero tiña que ser algo espectacular, e porque non, complicar a todas as cofradías e as parroquias, dotalas de un proxecto común en onde tiveran que colaborar todas, e que todas tiveran unha responsabilidade organizativa importante. Fíxose un proxecto de procesión para representar toda a Paixón de Xesús, e presentouse nunha reunión da Xunta de Cofradías, invitando as parroquias de Santa María e de Santiago, a Terceira Orde Franciscana, a Ilustre Cofradía do Rosario, as Xuventudes Franciscanas, e as Irmandades do Prendemento, as Sete Palabras e a Santa Cruz, tamén a unha incipiente agrupación de viveirenses da diáspora, que daquela desfilaba baixo a tutela Terciaria, e como sorpresa invitouse tamén a Semana Santa de Galdo, ademais, como non, da Cofradía do Santísimo Cristo da Piedade.

Dentro da mesma procesión eran 11 procesións independentes, con un movemento interno de..., permitídemme unha expresión camariñana, que é moi gráfica, “xente coma area”, entre 2.500 e 3.000 persoas en participación directa, entre levadores, guías, fachóns, farois, romanos, mantillas, samaritanas, bandas de música e de tambores, estandartes, montadores, vestidoras, escoltas, autoridades civís, militares e relixiosas, organizadores e organizadoras, televisión en rigoroso directo, prensa e radio.

Teño que agradecer aos meus compañeiros daquela directiva, que despois de embarcalos en semellante montaxe, non lles importara que me volvera a meter debaixo da imaxe da Piedade, no

grupo traseiro do varal esquerdo, coma sempre, porque me ilusionaba facelo, e en data tan sinalada crin que era onde debía estar e onde mellor me sentía. De feito, pasan os anos, e si Dios quere, o vindeiro Venres Santo cumprerei 45 anos como levador, de moitas imaxes e de case todas as cofradías, pero tamén 45 anos como levador da Piedade, do cal me sinto moi orgulloso, e a verdade e que e unha honra compartir varal con un equipo humano tan amplo, fiel e solidario, que ademais permitíume o pracer de coincidir con 3 xeracións de viveirenses baixo a mesma anda, primeiro co avó, despois co fillo, e agora con neto, e iso e sinal de que xa somos algo veteranos para estas lides, pero mentres se poda ca responsabilidade do que levamos enriba, o corpo aguante, e os médicos no cho impidan, alí estaremos. E agardo deixar sucesora.

MOTIVACIÓN

Pero volvendo a este acto conmemorativo, un éxito de organización e un éxito de participación, hai que subliñar, que a partir de ese intre, as cofradías, os consellos parroquiais, e a xente directamente involucrada na Semana Santa viveirense, comezou a crer en aquela incipiente Xunta de Cofradías, que en principio era utópica, pero gracias a esta procesión, pasou a ser básica no entendemento da Semana Santa do futuro.

Buscábase unha MOTIVACIÓN PARTICIPATIVA, i esa participación desenrolouse en catro puntos:

Primeiro, propúxose un RETO, de primeiras, complicado, principalmente debido as escasas estruturas das directivas naquela época.

Segundo, ASIÑARONSE RESPONSABILIDADES, implicouse e responsabilizouse aos estamentos cofrades, encargándolles a organización da súa parte, baixo unhas directrices xerais que previamente se aprobaron na Xunta de Cofradías.

Terceiro, PROMOVER A PARTICIPACIÓN, buscouse a xente nos colectivos cidadáns, nos clubs deportivos, no ensino, nas empresas locais, e noutros grupos e asociacións, mais a verdadeira aportación foi a de aquela xente que veu para axudar e quedouse ... arrimando o ombro.

E cuarto, REPARTIR O ÉXITO, unha vez que se acadou, en parte grazas a un despregue impre-

sionante da TVG con unha aposta sen fisuras do produtor Hilario Pino que creu a cegas no noso proxecto, onde todo saíu cronometrado e cunha precisión case quirúrxica. Do que se trataba era de que non fora mérito soamente da cofradía organizadora, senón de toda a colectividade, que cada individuo e que cada agrupación se sentisen partícipes e orgullosas do seu traballo, e que esa descarga de adrenalina colectiva servise para algo no futuro próximo.

As cofradías a comezos dos anos noventa, agás algunha excepción, estaban algo anquilosadas e faltas de actividade, i este éxito participativo fixo o efecto chamada, case toda a xente que “arrimou o ombro” na organización, quedouse na estrutura da súa cofraría, e hoxe queda ven reflectido en todos os que aquí estamos, o verdadeiro éxito de estas agrupacións relixiosas e da Xunta de Cofradías a partir daquela data. Porque os verdadeiros rexeneradores da Semana Santa actual, sodes os que hoxe estades ahí sentados e facedes que ano tras ano a nosa Semana Maior sexa un referente no mundo cofrade e no estado español.

AS TRES GRACIAS

Para rematar, e a xente que me coñece, xa sabe que son unha persoa inquieta, que sempre me gusta mellorar, facer peticións, aportar ideas, en definitiva: toca falar da parte reivindicativa

de este pregón. Así que permíteme amigo presidente de que comente neste acto, ao igual que a fermosa tradición viveirense das “Tres gracias” (aquí, neste eido, a Cofradía da Misericordia tería moito que dicir), e faga tres suxerencias, e nas vosas mans está o levar a cabo, ao menos unha, como di a tradición; ou si estamos animados, porque non as tres.

Primeiramente, penso que dende a Xunta de Cofradías, débese de tratar de incorporar a Semana Santa de Galdo na estrutura da Semana Santa viveirense, San Pantaleón de Galdo é unha parroquia mais de Viveiro, e aínda que a súa riqueza en imaxes, como di D. Francisco Cal Pardo, “é sen grandes pretensións escultóricas”, pero é unha Semana Santa rural das mais representativas, con feitos diferenciadores na súa composición procesional, e iso algo que temos que tratar de poñer en valor, xa que unha procesión distinta e singular, que cun axuste horario, ou de xornada ou incluso de itinerario, e cun enfoque e posta en escena máis coidado, pode ampliar a oferta procesional de Viveiro, sen ningún desmerecemento. Por outra banda, si cabe destacar o Monumento do Xoves Santo, do pintor ribadense Benito Prieto Coussent.

Tamén quixera reivindicar para Viveiro unha Feira da Semana Santa, con artesáns de todos os oficios que representa o sector, dende tallistas a

«LA CORAL POLIFÓNICA "ALBORADA" DE VIVEIRO CERRANDO EL ACTO DEL PREGÓN» — FOTOGRAFÍA: JOSÉ MIGUEL SOTO



cereiros, ou dende escultores a cordeleiros; encaixas e deseñadoras (que como camariñán de adopción, non me podo esquecer delas), artesáns de toda España que podan presentar a súa obra en un recinto feiral específico e cun potencial de visitas que abrangue todo o noroeste peninsular, buscando datas fora de tempada e que sirva como escaparate para Viveiro, aproveitando o tirón do prestixioso nomeamento de Interese Turístico Internacional.

A Semana Maior de Viveiro, é de feito unha Semana Santa moi popular, na que ten cabida e participa practicamente todo o pobo, implicándose nesta tradición secular en corpo e alma. Como terceira petición gustárame que todo o que Viveiro lle da a esta celebración, tivera unha resposta solidaria, por iso, creo que é necesaria unha Obra Social común de todas as agrupacións, que procure devolver de algún xeito, parte da solidariedade recibida.

Queda dito, e como di o lema da miña cofradía “Sempre mais, sempre millor”. Van aló 25 anos con moitos retos cumpridos, agardo que veñan outros 25 cheos de éxitos. De aqueles primeiros anos aínda queda o Programa Cultural Adral, e o anagrama da Xunta de Cofradías, que recordo debuxar nun folio na mesa dunha cafeteira, nunha reunión informal da Xunta.

Por último, xa que me lembrei cos seus alcumes, dos mestres que tiven ao longo das Sema-

nas Santas da miña vida, teño que nomear a mais importante de todos, a miña nai, Antonia Trancos, “Antonia do Real” que dende moi nova, no grupo de teatro Alborada dirixido por Paco Fanego, axudaban a recadar cartos para aquel rexurdimento da Semana Santa de finais dos 40 e principios dos 50.

Gracias, polo primeiro libro que me regalache, que foi a miña Biblia de cabeceira.

E gracias a todos e a todas por escoitarme neste miúdo repaso do que foi a miña Semana Santa, que segue a resumirse nunha sola frase:

“ARRIMAR O OMBRO”

Bibliografía

Cal Pardo, Francisco.- Mis recuerdos de la Semana Santa de Galdo. Programa de la Semana Santa de Galdo de 1992. Diputación Provincial de Lugo. Publicaciones.

Galdo, Fausto.- Pintura y Pintores de Viveiro. Capítulo XII, Benito Prieto Coussent “Pintor apocalíptico”. Edicións do Castro. 1992

Parapar Trancos, P.A.- Levadores. Libro-Programa “Pregón”. Xunta de Cofradías Semana Santa de Viveiro. 2003

García Balseiro, Mar.- A nostalxia dos 50. Viveiro en Vivo. Ano I. N° I. Agosto mil novecentos oitenta e oito. Publilar S.L.

«PROCESIÓN “DOS CALADIÑOS” EN LA NOCHE DE VIERNES SANTO» — FOTOGRAFÍA: TOÑO GOÁS



FOTOGRAFÍA: TOÑO GOÁS



FOTOGRAFÍA: JOSÉ MIGUEL SOTO



FOTOGRAFÍA: JOSÉ MIGUEL SOTO



FOTOGRAFÍA: RAFA RIVERA

